

Morte do VII Marqués consorte de San Sadurniño

Chegaron o 15 de xullo ao seu Pazo de verán. Segundo publicou a prensa días antes, o Marqués viña moi enfermo. Ás catro da madrugada do día de Santiago de 1922 morre no Pazo de San Sadurniño Francisco de Asis Arias-Dávila-Matheu y Bernaldo de Quirós, Conde de Cumbres Altas, Grande de España de 1ª clase e Marqués consorte de San Sadurniño dende a súa voda con Natividad Quindós o 11 de Xullo de 1886. Tiña 66 anos. Ás honras fúnebres polo seu marido asisten numerosos aristócratas, políticos e curiosos. O funeral celébrase na [Capela do Pazo](#) e o enterro multitudinario no interior da Capela do Pazo de Baltar o día 26 de xullo de 1922.

Para a marquesa –con 61 anos- foi un golpe moi duro. Como ela mesma escribe no seu [diario](#): “el 25 de Julio día de Santiago se murió Asís! y desde ese día, un día largo... que he querido desde el momento que el Señor se lo llevó!... de sepárame totalmente del Mundo, dejar Palacio, y dedicarme a vivir todo para Dios!”. De feito, Natividad Quindós renunciará voluntariamente ao seu cargo como “camarera mayor de la Reina Madre” e abandonará as súas [responsabilidades](#) na Corte Real o 11 de novembro de 1923, tras 17 anos de servizo a Coroa.

Sen embargo no contexto de miseria, pobreza e desigualdade social do primeiro terzo do século XX, non se podería dicir que o Conde de Cumbres Altas tivese unha “mala vida”, mais ben ao contrario. Dende o mesmo día do seu nacemento, a Francisco de Asís nunca lle faltou de nada e puido facer coa súa vida todo canto se propuxera e moito mais. Abonda coa lectura de cómo foi o seu [bautizo](#) na Capela Real, asistido pola elite dos grandes da España isabelina, para entender de qué estamos a falar. Procedente dunha poderosísima familia de abolengo medieval –[Puñónrostro](#)-, foi rendista toda a súa vida e viviu en grandes palacios rodeado de luxo e riqueza. “Un aristócrata en el verdadero sentido de la palabra” segundo “El Norte de Galicia”. E como rendista e gran propietario entrará directamente no Senado por Segovia en 1903, mais nunca tivo necesidade de presentarse a unhas eleccións. Tampouco desenvolveu un gran traballo parlamentario segundo o seu [expediente no Senado](#): presentou unha única moción en 1907 “para que o tren parase en Segovia” nos seus sete anos como senador. Esa foi a única iniciativa do Conde de Cumbres Altas como representante da Cámara Alta. Tamén só por tradición familiar e dereito de cuna será [“gentilhombre de cámara con ejercicio y servidumbre”](#) na Corte de Alfonso XIII, participando activamente nas actividades do Palacio. O seu catolicismo ultraconservador será decisivo para sexa, [“por un día”](#), embaixador extraordinario ante a Santa Sede en 1908. Certo que o Marques San Sadurniño consorte potenciou algunhas actividades culturais e sociais do catolicismo mais tradicionalista do seu tempo, coa dotación de premios e apoio económico ao Sindicalismo Católico. Mais sempre - acorde cos postulados do [partido conservador](#)- a prol do mantemento de todos os resortes do poder patrimonial que herdou dos seus devanceiros, para que os privilexios da elite a que pertencía seguisen intactos no devalar do tempo. Á morte do Marqués, a meirande parte dos habitantes de San Sadurniño seguían a vivir do mesmo xeito que cando naceu o 8 de novembro de 1855.

Muerte de un ilustre personaje

Hoy, a las cuatro de la madrugada, después de larga y penosa dolencia dejó de existir en su palacio de San Saturnino, rodeado de su distinguida familia, el excelentísimo señor don Francisco de Asis, Conde de la duque de la Conquista, marqués de San Saturnino y conde de Gumbres Altas.

También se hallaba en posesión de otros títulos, y su cadáver será inhumado en uno de los sarcófagos que existen en la capilla de Baltar (parroquia del Val), perteneciente a la residencia de los RR. RR. Misioneros del Corazón de María.

En dicho sarcófago yacen también los restos mortales de sus antepasados.

El finado contaba 66 años de edad.

Esta mañana las campanas del templo de las Angustias de esta ciudad, perteneciente a la residencia de la misma Comunidad, tocaron a "Animas" anunciando el fallecimiento.

Descanse en paz el ilustre finado y reciba su atribulada familia nuestro profundo pésame por la irreparable como sensible pérdida.

De Madrid, llegó ayer un hermano del muerto, duque de la Conquista.

Seguramente al sepelio asistirán todos los Padres de las residencias de Baltar y Ferrol y numeroso gentío, en particular del término de San Saturnino, donde el finado contaba con muy grandes simpatías.

MUERTO ILUSTRE**El duque de la Conquista**

En su palacio de San Saturnino (Ferrol) falleció el Excmo. e Ilmo. señor D. Francisco de Asis Arias Dávila Matheu y Bernaldo de Quirós.

El finado duque de la Conquista, era un aristócrata en el verdadero sentido de la palabra: aristócrata por la nobleza de los sentimientos y por la nobleza de la sangre. Por su afable trato y llaneza de carácter, era el fallecido prócer, bien querido del pueblo que llora con honda pena su muerte.

Ferrol y su comarca pierden con él un verdadero aliciente de su progreso, una personalidad, cuya vida iba unida a sus más legítimos orgulllos, y España, una de sus primeras figuras de más legítimo y raudo abolengo.

Además de su título de duque de la Conquista, ostentaba los de conde de Cumbre Altas, marqués de San Saturnino, de Pelotas y Grecia Real, vizconde de la Frontera y otros.

Pertenecía a la Real y distinguida Orden de Calatrava y era Moestrante de Ronda.

Había sido Embajador extraordinario cerca de S. S. el Papa Pío X.

Fue también Senador del Reino y Gentilhombre de Cámara de S. M. con ejercicio y servidumbre, y estaba en posesión de honrosas condecoraciones nacionales y extranjeras.

El cadáver del ilustre muerto fue amortojado con el hábito de San Francisco y recibirá cristiana sepultura en la Capilla de la Residencia de los Misioneros de Baltar, donde reposan restos de sus antepasados.

Con motivo de la muerte del Duque de la Conquista, han llegado a San Saturnino procedentes de Madrid y otras provincias, personajes de la más rancia aristocracia, para hacer presente a la familia del duque la expresión sincera de su sentimiento.